

Achégaste?



ENDEREZO:

Centro Cívico Cidade Vella. Rúa
Veeduría 2. 15001 A Coruña



TELÉFONO:

981 189 889



ENDEREZO ELECTRÓNICO:

espazodiverso@coruna.gal




HORARIO:

Luns a venres, de 10:00 a 13:30 e de
17:00 a 20:30



www.coruna.gal



ESPAZO DIVERSO

Espazo municipal das
diversidades sexuais
e identidades de
xénero



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

É un recurso público dirixido a todas as persoas lésbicas, gais, trans, bisexuais, intersexuais, queer, asexuais, e aquelas persoas non incluídas nas siglas anteriores, así como á súa contorna familiar, e aos colectivos e asociacións LGTBIQA+ da cidade.

Dende o Espazo traballamos por visibilizar as diferentes identidades, expresións de xénero e orientacións sexuais, a través de diversas accións dirixidas á prevención e eliminación dos factores causantes de situacións de desigualdade e discriminación que afectan ás persoas LGTBIQA+.

Contamos con diferentes **servizos de atención directa**, tanto a nivel individual como grupal e familiar.

Información e dinamización

Proporcionamos información sobre o funcionamento do espazo, así como dos recursos, servizos e actividades que se ofrecen.

Formación e sensibilización

→ Formación

Organizamos accións dirixidas a profesionais de distintos ámbitos, familias e poboación en xeral para contribuír á formación en materia de educación afectivo-sexual e de xénero e á eliminación dos prexuízos e estereotipos existentes.

→ Talleres e actividades

Deseñamos actividades socioeducativas dende unha orientación lúdica e creativa para achegarse e comprender a realidade da diversidade sexual e a identidade de xénero. Diríxense tanto a persoas LGTBIQA+ como á poboación en xeral.

Atención personalizada e especializada

Asesoramos sobre recursos públicos e de entidades existentes, e ofrecemos atención específica nos ámbitos social, psicolóxico e xurídico. En función das necesidades detectadas, tamén realizamos derivacións a profesionais doutros recursos públicos ou de entidades.

→ Atención psicolóxica

Dirixida á prevención, orientación e apoio terapéutico. Realizamos un acompañamento ás persoas e familias que, pola súa situación persoal así o requiran, especialmente en situacións de dificultades relacionadas coa orientación sexual, a identidade e a expresión de xénero.

→ Grupos de auto-apoio

Espazo seguro e de encontro que funciona como instrumento de orientación, como soporte emocional, e para favorecer o apoderamento das persoas usuarias. Intercámbianse experiencias, dende a perspectiva de non xulgar as experiencias alleas, e desenvólvense dinámicas participativas, interactivas e creativas.

→ Atención xurídica

Facilitamos asesoramento e orientación xurídica ás persoas usuarias e ás súas familias e/ou contorna relacional sobre cuestións xurídicas e dereitos das persoas LGTBIQA+.



ESPAZO
DIVERSO